

TEMA 14: II CLAVES DO REXURDIMENTO. OS PRECURSORES

1. CLAVES DO REXURDIMENTO

Rexurdimento: período que abrangue boa parte do século XIX e que se caracteriza por dous fenómenos íntimamente relacionados:

- a) A recuperación da escrita literaria do galego (dignificación como lingua e a recuperación e ampliación social dos seus usos).
- b) A aparición dun movemento político-ideolóxico (Provincialismo, Rexionalismo e Nacionalismo) reivindicador da personalidade colectiva galega.

1.1. PERÍODOS DO REXURDIMENTO

a) Período Precursor: 1833 - 1862. Actividade e obra de autores (Añón, Pinto...) que participan co provincialismo e que usaron na súa obra o galego antes da publicación de *Cantares gallegos* (1863).

b) Período do Rexurdimento Pleno: 1863 – 1888. Os autores poñen en pé un sistema literario galego autónomo e logran acadar cotas moi altas de calidade nalgúns obras. Período marcado pola presenza de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. *Cantares gallegos*, 1863, marca o seu inicio.

Primeiras obras narrativas e teatrais (*Maxina ou a filla espúrea*, de Marcial Valladares; *A fonte do xuramento*, de Francisco M^a de la Iglesia). Primeiras gramáticas e dicionarios, primeira editorial dedicada aos libros en galego (a Biblioteca Gallega de Andrés Martínez Salazar) e prensa periódica escrita en galego (*O Tío Marcos da Portela*, Ourense).

1880: *Follas novas*, de Rosalía de Castro, *Saudades gallegas*, de Valentín Lamas Carvajal e *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez. 1886, *Queixumes dos pinos* (de Pondal) e en 1888, *O Divino Sainete* (Curros Enríquez).

c) Período da Depresión finisecular: 1889 – 1914. Declive do movemento que afecta máis á calidade das obras que á cantidade. A etapa chega ao seu fin co nacemento das Irmandades da Fala en 1916.

1.2. OBXECTIVOS DO REXURDIMENTO

a) Mudar a consideración negativa con respecto ao uso e ás calidades do idioma galego:

- argumentos de prestixio=orixe latina, o rei Sabio...
- argumentos de utilidade=lingua maioritaria, lusofonía...
- argumentos de identidade= vínculo cos devanceiros...

- b) Ampliar os ámbitos de uso do idioma galego (literatura, prensa periódica, reivindicación no ensino, vida oficial e eclesiástica).
- c) Estudar e depurar o idioma galego. Primeiras gramáticas e dicionario (Saco e Arce, Marcial Valladares).
- d) Reivindicar o pasado histórico.

2.OS PRECURSORES DO REXURDIMENTO

Álbum de la Caridad (1862), volume que recolle os textos presentados aos “Xogos Florais” da Coruña de 1861. Primeira antoloxía do Rexurdimento.

-Antonio Benito Fandiño: autor de *A casamenteira*, escrita en 1812 mais publicada en 1849. Pequena obra de teatro en versos octosílabos, presentada como “sainete en gallego para cuatro personas” e dividida en tres cadros, cun total de 16 escenas. Trata o tema dos casamentos amañados ou por interese, para denunciar o papel das “casamenteiras”.

-Nicomedes Pastor Díaz: autor do poema de temática amorosa “A alborada”, escrito en 1828 e composto por dezaseis estancias de seis versos hendecasilabos e heptasilabos. No 1951 descubriuse outro poema seu, “Égloga. Belmiro e Benigno”, protagonizado por dous pastores que dialogan sobre as súas tristuras de amor.

-Alberto Camino: compuxo vilancicos para o Hospicio compostelán e poemas románticos e elixíacos (“Nai chorosa” e “O desconsolo”). Tamén escribiu poemas costumistas e de circunstancias.

-Francisco Añón Paz: participou na revolución galega de 186. Galardoado nos “Xogos Florais” coruñeses en 1861 polo poema “A Galicia”.

-Xoán Manuel Pintos: autor de *A gaita gallega* (1853). Obra dividida en sete “foliadas”, en prosa e verso, con fragmentos en castelán, galego e latín, foi concibida como un método de aprendizaxe e exaltación do galego. Dous personaxes, o gaitero galego e o tamborileiro foráneo, van dialogando e reflexionando sobre as características gramaticais do galego, a súa fonética...

-Antonio e Francisco M^a de la Iglesia: o primeiro foi o organizador dos “Xogos Florais” da Coruña de 1861. O segundo, fundador do xornal *Diario de Galicia*, foi un dos poetas en galego anteriores a Rosalía máis prolíficos e variados. Escribiu *A fonte do xuramento* (1882), peza considerada inaugural do teatro galego moderno.

-Outros precursores: Benito Vicceto, Vicente Turnes, Xosé Bieito Amado Boullosa, Xosé M^a Posada, Xosé García Mosquera, Antonio Fernández Morales...

